



Concello de Sada

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Decreto de avocación de subvenciones a entidades deportivas do concello de Sada. 2023)

ANTECEDENTES

1. Plan estratéxico de subvencións (PES) do Concello de Sada para o ano 2023, que recolle na súa Liña Estratéxica «*Subvencións municipais destinadas a entidades deportivas*», cun orzamento previsto de 63.500 euros.
2. Expediente de convocatoria de subvencións núm. 2023/A002/000009, no que constan:
 - Proposta da Concelleira de Educación, Xuventude e Deportes para a súa tramitación.
 - Memoria xustificativa de obxectivos, custos e fontes de financiamento.
 - Bases reguladoras da convocatoria.
 - Certificado de existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente neste procedemento, pola delegación da Alcaldía aprobada no Decreto núm. 1315/2019, de data 11.07.2019, xa que o orzamento da convocatoria supera os 12.000 euros. Porén, non está convocada aínda unha nova sesión da XGL e, tendo en conta os prazos necesarios para a aprobación, publicación e tramitación das solicitudes, existe o risco de que o procedemento non poida resolverse no presente exercicio económico, co conseguinte prexuízo para o interese público.

Por todo o que antecede, esta alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- avocar as competencias delegadas na XGL nos termos previstos no artigo 116 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e segundo o previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola necesidade de impulsar a tramitación do procedemento, dado o escaso prazo que resta para tramitar e resolver as axudas correspondentes, a fin de non comprometer a consecución dos obxectivos e finalidades da convocatoria.

Segundo.- aprobar a convocatoria da liña de subvencións LS 3.1 (PES 2023), coa denominación «*Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Sada. 2023*».

Terceiro.- Dispoñer a publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia concedendo o prazo máximo de 15 días naturais a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP para a presentación de solicitudes polos interesados. Tamén se publicará na web do Concello.